

Información sobre o final de curso

Curso 2021/22

ACTIVIDADE LECTIVA

A actividade lectiva desenvolverase segundo o horario habitual establecido para o curso ata o 13 de maio, inclusive.

O período comprendido entre o 16 de maio e o 10 de xuño dedicarase preferentemente á preparación das probas extraordinarias, é as actividades de reforzo, ampliación, recuperación e titorización. Os horarios de cada actividade, en cada materia, curso e grupo, publicaranse na web do centro na semana do 9 ao 13 de maio.

DATAS DE AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN FINAL ADIANTADA

11 de maio: avaliación adiantada para o alumnado de 6º GRAO PROFESIONAL e de calquera outro curso que o solicite por estar cursando 2º BACHARELATO e ter materias pendentes de valicación no instituto

12 de maio: publicación das cualificacións finais do alumnado avaliada de xeito adiantado (6ºGP e 2ºBAC que o solicite)

- AVALIACIÓN FINAL ORDINARIA

18 e 19 de maio: avaliación final ordinaria

20 de maio: publicación das cualificacións finais. Publicaranse en centrosnet ás 12 horas e pola tarde farase entrega dos boletíns (en papel) por parte dos titores/as. Tamén se poderá revisar e realizar consultas ao profesorado das diferentes materias no horario que se publique para tal fin na web do centro.

- AVALIACIÓN FINAL EXTRAORDINARIA

13, 14 e 15 de xuño: realización das probas da avaliación extraordinaria para o alumnado con materias pendentes, nos horarios que se publiquen previamente na web do centro.

20 de xuño: publicación das cualificacións finais da convocatoria extraordinaria.

PROBAS DE ACCESO

As datas e prazos de inscrición e realización para cada unha das probas de acceso, xunto con unha guía coa información máis relevante, están publicadas na web do centro.

MATRÍCULA PARA O VINDEIRO CURSO

O prazo para a matrícula do curso 2022-23 comeza o 24 de xuño ata o 8 de xullo, tanto para o alumnado do centro como o de novo acceso.